

t
Disposición adicional terceira. *Anticipos por conta da Unión Europea.*

As actuacións do FEGA relacionadas coa Orde do 12 de setembro de 1996, pola que se regulan os fluxos financeiros entre a Comunidade Europea e a Administración xeral do Estado, seguiranse desenvolvendo dentro do marco establecido pola citada norma.

Disposición transitoria única. *Procedemento de corresponsabilidade.*

O procedemento regulado no artigo 13 será aplicable ás correccións financeiras ou rexeitamentos de financiamento comunitario correspondentes a axudas financiadas con cargo ó FEOGA-Garantía pagadas desde a constitución dos organismos pagadores das comunidades autónomas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2206/1995, do 28 de decembro, polo que se regulan as actuacións interadministrativas relativas ós gastos da sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agraria (FEOGA).

Disposición derradeira primeira. *Competencia.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Dado en Madrid, o 14 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

adicional novena desta Lei de orzamentos xerais do Estado».

Na páxina 351, primeira columna, artigo 63, Coeficiente «C4», a segunda táboa debe substituírse pola seguinte:

Concepto	Escala de valores	Observacións
Valor de referencia.	2	De aplicación dunha ou varias modalidades en cada servizo.
Marxe de valores.	1 a 2	
Tecnoloxía utilizada/tecnoloxía de referencia.	Ata + 50 %	De aplicación segundo criterios específicos por servizos e bandas de frecuencias nas modalidades e conceptos afectados.

Na páxina 353, primeira columna, artigo 63, punto un, no epígrafe 1.1.7, figura unha táboa, e na súa última columna, «Código de modalidade», onde di: «1161, 1162, 1163, 1164, 1165 e 1166», debe dicir: «1171, 1172, 1173, 1174, 1175 e 1176».

Na páxina 356, segunda columna, artigo 63, punto un, no epígrafe 2.2.1, figura unha táboa, e nunha das súas columnas, na relativa ó Coeficiente «C5», o dato da segunda fila correspondente á frecuencia 1.000-3.000 MHz é 0,1473, en lugar de 1,1473.

Na páxina 359, primeira columna, artigo 63, punto un, no epígrafe 3.2.2, figura unha táboa, na que os datos deben se-los seguintes:

Bandas de frecuencias	Coeficientes					Código de modalidade
	C1	C2	C3	C4	C5	
470 a 830 MHz ...	1	1	1,3	1,25	0,500 k	3222

6800 *CORRECCIÓN de erros da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.* («BOE» 81, do 4-4-2003.)

Advertidos erros na Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, do 21 de xaneiro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 402, segunda columna, artigo 4. Dous. b'), segunda liña, onde di: «...especiais simplificados...», debe dicir: «especiais simplificado...».

Na páxina 404, primeira columna, artigo 4. Seis. 6.^ob), última liña, onde di: «... tales sedes, establecemento ou domicilio ...», debe dicir: «... tales sede, establecemento ou domicilio...».

Na páxina 430, segunda columna, artigo 15, Parte I, Táboa de taxas e dereitos, segunda liña, onde di: «Taxa adicional [Regra 68.3.a)]...993,11», debe dicir: «Taxa adicional [Regra 68.3.a)] ...493, 11».

XEFATURA DO ESTADO

6799 *CORRECCIÓN de erros da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.* («BOE» 81, do 4-4-2003.)

Advertidos erros na Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003, publicada no «Boletín Oficial do Estado», suplemento número 3 en lingua galega do 21 de xaneiro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 330, primeira columna, artigo 20, punto un, segundo parágrafo, liña once, onde di: «O número de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeira será o necesario para alcanza-los efectivos fixados na disposición adicional oitava desta Lei de orzamentos xerais do Estado», debe dicir: «O número de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeira será o necesario para alcanza-los efectivos fixados na disposición